

### **DECLARACIÓN DE INTENCIONS COMISIÓN 0-3**

Desde esta comisión avogamos pola dignidade da educación infantil 0-3 anos e a súa consideración como ciclo educativo e con identidade propia dentro da etapa 0-6.

Defendemos unha educación democrática, inclusiva, coeducativa, científica e sostible, polo que queremos convidar a profesionais de diversos ámbitos, colectivos, institucións e á cidadanía a que compartan esta ilusión por apoiar este proxecto da infancia e a educación e poder desenvolver iniciativas e propostas que traspasen as portas das escolas.

#### **En relación á INFANCIA**

- Reivindicar un modelo de escola 0-3 que teña como principal obxectivo o respecto polos dereitos e a diversidade nas características, nas necesidades, nos intereses e nas capacidades das nenas e dos nenos, garantindo que sexan escolas sostedoras da infancia nas que se asegure o seu benestar físico e emocional e superando así a visión adultocéntrica da infancia.
- Mirar ó infante como suxeito activo e competente, protagonista da súa propia aprendizaxe, con capacidade para actuar sobre o mundo e de comunicarse coas persoas que os coidan e responden ás súas necesidades. Comprender que teñen iniciativa desde o seu nacemento e é capaz de influír na súa contorna inmediata.
- Poñer en valor os coidados (alimentación, sono e hixiene) e garantir o movemento e o xogo espontáneo como centro das prácticas educativas, facendo que sexan o piar sobre o que construír o vínculo entre a persoa adulta e as criaturas.
- Velar, tal e como recolle o artigo 3.1 da *Convención Internacional dos Dereitos do neno*, polo interese superior da infancia, defendendo prácticas respectuosas coa saúde física, emocional e social das criaturas.

#### **En relación ás FAMILIAS**

A familia debe recibir a protección e asistencia necesaria para poder asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade (*Convención dereitos do neno, 1989*), colabora, aprende e acompaña o inmenso privilexio que temos os educadores e educadoras da escola infantil de convivir cos nenos e nenas. Por iso, a máxima será **ACOLLER-PARTICIPAR-RESPECTAR**.

- Acompañar o proceso de familiarización respectuoso. É crucial a acollida que lle deamos ó alumnado e ás súas familias na escola.
- Facilitar ás familias o acceso ás informacións e mecanismos participativos que garanta o funcionamento democrático da escola, coa fin de acompañar ós cativos e cativas nesta súa primeira andaina de vida.
- Apoiar ás familias para que se sentan competentes e respectadas naquilo que saben facer: educar ós seus fillos e fillas.

**En relación ós PROFESIONAIS ACOMPAÑANTES**

- Esixir que as persoas profesionais que traballan coa infancia teñan unha saúde física, mental e social adecuada á relevancia das súas funcións.
- Reivindicar unha formación inicial de calidade impartida por profesionais con experiencia contrastada no ámbito do 0-3 e comprometerse cunha formación permanente apoiada na discusión e reflexión crítica sobre a propia práctica docente.
- Demandar a figura da parella educativa para permitir desenvolver unhas mellores prácticas que respondan ás necesidades da infancia baseadas no diálogo, na cooperación e na aprendizaxe.
- Pensar os ambientes educativos (interiores e exteriores) para que sexan unha resposta ó momento evolutivo e os intereses dos infantes, con revisión continua para realizar todos os cambios que sean necesarios para manter ese obxectivo ó longo do curso.
- Empregar a observación como principal estratexia metodolóxica na actuación coas criaturas, para poder ofrecer unha atención o máis individualizada e respectuosa posible.
- Confiar no vínculo de apego seguro como sostén da criatura na súa exploración e aprendizaxe, a través dunhas relacións de calidade, convertendo á persoa adulta nunha referencia de seguridade emocional e afectiva para a infancia.

**En relación á SOCIEDADE**

- Identificar, definir e poñer en valor as necesidades e intereses da infancia 0-3 mediante accións coordinadas de investigación, análise e reflexión multidisciplinar: pedagogía, psicoloxía, logopedia, pediatría, matronas, fisioterapia, odontoloxía, nutrición, arquitectura, deseño de espazos e materiais, edición, industria do xoguete, do ocio infantil e calquera outro relacionado.
- Esixir unha baixada de ratios en todo o ciclo, valorando a actual como violencia estrutural, e utilizando como referencia as propostas pola Rede de Atención á Infancia da Comisión Europea.
- Reivindicar a resposta social e a implicación das estancias político-administrativas para favorecer o trato respectuoso á infancia mediante accións coordinadas de concienciación e denuncia social, promovendo actuacións destinadas a escoitar á infancia e protexer a súa cultura.